

ORDENANZA 3.07

TAXA POLA EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, a que se refire o art. 20.4 apartado a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), que se regulará pola presente Ordenanza Fiscal segundo o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes dos que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou o beneficie aínda que este non o solicitara.
3. Non estarán suxeitos a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5 . Base imponible

Constituirá a base imponible da presente exacción a natureza dos expedientes a tramitar e documentos a expedir.

Artigo 6. Cota tributaria.

- A) A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, dacordo cas tarifas que se conteñen nos apartados seguintes:

1.01	cartografía dixital	DGN. Cartografía resolución 1:500	11,45
1.02	cartografía dixital	DGN. Cartografía resolución 1:1,000	8,00
1.03	cartografía dixital	DGN. Cartografía resolución 1:2,000	4,60
1.04	cartografía dixital	DGN. Plano cidade resolución 1:10,000	171,70
1.05	cartografía dixital	DGN. Plano termo municipal resolución 1:10,000	343,55
1.06	cartografía dixital	DGN. Plano termo municipal resolución 1:25,000	68,70
1.07	cartografía dixital	DWG. Cartografía resolución 1:500	13,75
1.08	cartografía dixital	DWG. Cartografía resolución 1:1,000	9,10
1.09	cartografía dixital	DWG. Cartografía resolución 1:2,000	5,75
1.10	cartografía dixital	DWG. Plano cidade resolución 1:10,000	200,35
1.11	cartografía dixital	DWG. Plano termo municipal resolución 1:10,000	372,20
1.12	cartografía dixital	DWG. Plano termo municipal resolución 1:25,000	91,55
1.13	cartografía dixital	Cartografía dixital escala 1:2,000	22,85

2.01	certificado	de empadramento, convivencia e residencia. Non se devengará a taxa no caso de que o certificado se obteña a través da Web municipal.	1,25
2.02	certificado	de pago, de beneficio fiscal, de non ter débedas	1,90
2.03	certificado	de carácter catastral	8,30
2.04	certificado	referente a documentos ou actos do ultimo quinquenio dun prego	1,15
2.05	certificado	referente a documentos ou actos do ultimo quinquenio de máis dun prego	0,65 por folio adicional
2.06	certificado	referente a documentos ou actos anteriores ao ultimo quinquenio dun prego	2,30
2.07	certificado	referente a documentos ou actos anteriores ao ultimo quinquenio de máis dun prego	1,25 por folio adicional
2.08	certificado	recoñecemento de poderes notariais	8,30
2.09	certificado	expedición e rectificación de títulos de propiedade de nichos e supulturas	0,85
3.01	copia dixital	de documentos de planeamento	26,85
4.01	copia papel	A4 blanco e negro	0,20
4.02	copia papel	A3 blanco e negro	0,30
4.03	copia papel	A2 blanco e negro	6,60
4.04	copia papel	A1 blanco e negro	9,90
4.05	copia papel	A0 blanco e negro	19,90
4.06	copia papel	A4 cor	1,30
4.07	copia papel	A3 cor	2,20
4.08	copia papel	A2 cor	13,25
4.09	copia papel	A1 cor	19,90
4.10	copia papel	A0 cor	39,75
4.11	copia papel	ordenanzas, regulamentos	15,85
5.01	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 6/8	1,60
5.02	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 10/12	1,90
5.03	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 14	2,15
5.04	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 16/18	2,40
5.05	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 20/22	2,95
5.06	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 24/26	3,25
5.07	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 28/30	3,45
5.08	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 32	3,45
5.09	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 34/36	3,80
5.10	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 38/40	4,30
5.11	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 42/44	4,55
5.12	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 46/48	5,10
5.13	encadernación en soporte papel	A4 media espiral 50	5,35
5.14	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 6/8	3,20
5.15	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 10/12	3,80
5.16	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 14	4,30
5.17	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 16/18	4,80
5.18	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 20/22	5,90
5.19	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 24/26	6,45
5.20	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 28/30	7,00

5.21	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 32	7,00
5.22	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 34/36	7,50
5.23	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 38/40	8,60
5.24	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 42/44	9,10
5.25	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 46/48	10,15
5.26	encadernación en soporte papel	A3 media espiral 50	10,75
6.01	informe	da policía relativos a accidentes de circulación	71,00
6.02	informe	da policía doutro tipo	7,15
6.03	informe	de prezos medios no mercado de gando	2,20
6.04	informe	urbanístico de vivenda colectiva (que teñen máis de un baixo e andar)	20,55
6.05	informe	urbanístico de vivenda unifamiliar	8,30
6.06	informe	urbanístico doutro tipo	8,30
7.01	procesos selectivos	taxa exame grupos A e B	27,60
7.02	procesos selectivos	taxa exame grupos C, D (agás policía e bombeiros) e E	15,85
7.03	procesos selectivos	taxa exame grupos D de policía e bombeiros	71,00
8.01	tarxeta	para o acceso de vehículos a zona monumental	8,30
8.02	tarxeta	para o acceso o transporte urbano (bonobus)	8,30

Non se devengará a taxa recollida nesta letra no caso de que os certificados aos que se fai referencia nos apartados 2.01, 2.02, 2.03, 2.04, 2.05, 2.06, 2.07, 2.08, e 2.09 sexan expedidos a través da Web municipal.

B) A cota fixarase mediante un sistema mixto de aplicación dunha porcentaxe sobre un determinado importe, e/ou de acordo coas tarifas que se indican nos apartados seguintes:

1.01	Expedición dos resgardos dos depósitos constituídos na Tesourería Municipal, en subastas, concursos ou contratacións directas,	1 % do importe do depósito
2.01	Expedición de certificacións e informes en expedientes de apertura ou traspaso de establecementos	3 % do importe da taxa de apertura
3.01	Tramitación da formalización dos contratos administrativos de contía ata 6.010,12 €	80,15 €
3.02	Tramitación da formalización dos contratos administrativos de contía que exceda de 6.010,12 e ata 90.151,82 €	0,2 % do exceso
3.03	Tramitación da formalización dos contratos administrativos de contía que exceda de 90.151,82 €	0,05 % do exceso
3.04	Copia adicional dos contratos formalizados	1,15 € por folio
4.01	Tramitación das licencias de obras	un por mil do importe do orzamento de execución material da obra, cun mínimo de 4,10 €

O importe total da taxa recollida nos apartados 3.01, 3.02, e 3.03 será o resultante de sumar os valores correspondentes a cada tramo da contía do mesmo.

Artigo 7º. Devengo

A taxa se devenga e nace a a obriga de contribuír ao se entregar a solicitude de expedición dos documentos e tramitación dos expedientes suxeitos ao tributo.

Artigo 8º. Normas de xestión

1.- A taxa esixirase en réxime de liquidación practicada polo procedemento de selo municipal adherido ou impreso mecanicamente no escrito de solicitude de tramitación do expediente ou no certificado emitido ou mediante autoliquidación que deberá ser ingresada nas entidades bancarias colaboradoras.

A autoliquidación practicarase por calquera dos seguintes medios;

a. No impreso que ao efecto facilitará a administración tributaria local que será subscrito polo suxeito pasivo ou polo seu representante legal.

b. A través da web municipal do Concello de Santiago de Compostela. A remisión da documentación nos casos de que sexa preciso deberá presentarse no Concello no prazo de 15 días seguintes á presentación da autoliquidación na web.

2. Os escritos recibidos por correo, segundo establece o artigo 38.4.c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que non veñan acompañados do importe da taxa, serán admitidos provisionalmente pero non poderán tramitarse sen previa emenda da deficiencia, para o que se requirirá ao interesado co fin de que no prazo de dez días pague as cuotas correspondentes, coa advertencia de que de non facelo así, arquivarase sen máis trámite a solicitude.

Artigo 9º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira



A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce. Contra o acordo inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automáticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil trece, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.